


PLAN DE SECTORIZACIÓN SUNDI-1 CASNALOBA XUNQUEIRA DE AMBIA

SEPARATA ESTUDIO ARQUEOLÓGICO




CONCELLO: XUNQUEIRA DE AMBIA
PROVINCIA: OURENSE
PETICIONARIO: CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS.
INSTITUTO GALEGO DE VIVIENDA E SOLO.
ARQUEÓLOGA: Marta Tabarés Domínguez
DATA: MAYO 2015


- Título del Proyecto: PLAN DE SECTORIZACIÓN SUNDI-1 CASNALOBA (XUNQUEIRA DE AMBÍA)
- Código Identificador: (I-07/2011).
- Organismo Promotor: XUNTA DE GALICIA.
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
INSTITUTO GALEGO DE VIVIENDA E SOLO
Polígono de Fontiñas, s/n. Área Central, 15703
Santiago de Compostela.
- Representante: D. Heriberto García Porto.
(Director Xeral do IGVS)
- Emplazamiento del estudio: Lugar de Casnaloba.
- Autores do Estudo: INGENIERO SUPERIOR INDUSTRIAL: José Luís Sousa López. Colegiado Nº 489
ARQUITECTO: Yago Garrido Rodríguez. Colegiado Nº 3.612
INGENIERO DE CAMINOS, CANALES Y PUERTOS: Iván Valcarce Rodríguez. Colegiado Nº 18.000
BIÓLOGA: Mónica Freire Sánchez. Colegiada Nº 12.770-X
- Consultora de Enxeñería: INSELT, S.L.
Dirección Postal: C/ Curros Enríquez, 1. Planta, 12-B. 32003 - Ourense.
Teléfono: 988-37 27 37- 37 24 96
Fax: 988-21 23 85
Correo Electrónico: inselt@inselt.com
CIF: B-32015703

Ourense, Mayo de 2015


INGENIERO SUPERIOR INDUSTRIAL


Fdo.: José Luís Sousa López
Colegiado Nº 489


ARQUITECTO


Fdo.: Yago Garrido Rodríguez
Colegiado Nº 3.612

INGENIERO DE CAMINOS
CANALES Y PUERTOS


Fdo.: Iván Valcarce Rodríguez
Colegiado Nº 18.000

BIÓLOGA


Fdo.: Mónica Freire Sánchez
Colegiada Nº 12.770-X

ÍNDICE

| | |
|--|----------|
| 1. ZONAS DE PROTECCIÓN ARQUEOLÓXICA | 1 |
| 1.1. <i>AS ENTIDADES PATRIMONIAIS: FORMULACIÓNS</i> | <i>1</i> |
| 1.2. <i>METODOLOXÍA DE TRABALLO</i> | <i>1</i> |
| 2. TRABALLO DE GABINETE COA FINALIDADE DE SISTEMATIZAR OS DATOS RECOLLIDOS DURANTE AS FASES DE TRABALLO ANTERIORES..... | 2 |
| 2.1. <i>INVENTARIO PATRIMONIAL</i> | <i>2</i> |
| 2.2. <i>RESULTADOS</i> | <i>2</i> |

1. ZONAS DE PROTECCIÓN ARQUEOLÓGICA

Segundo a Lei 8/1995, do 30 de Outubro do Patrimonio Cultural de Galicia: *integran o patrimonio arqueolóxico os bens mobles e inmobles de carácter histórico, susceptibles de seren estudados con método arqueolóxico, fosen ou non extraídos, e tanto se atopan na superficie coma no subsolo ou nas augas. Forman parte, así mesmo, deste patrimonio os elementos xeolóxicos e paleontolóxicos relacionados coa historia humana, as súas orixes, os seus antecedentes e o desenvolvemento sobre o medio. É, polo tanto, ó abeiro desta lei, así como da Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español e da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural, (coas modificacións derivadas da Lei 15/2004) que se elaborou o presente informe co fin de poder establecer o futuro impacto que a construción do Parque Empresarial podería xerar sobre o Patrimonio Arqueolóxico e Histórico-Etnográfico da zona, así como establecer as medidas correctoras que fosen precisas para chegar a mitigar dito impacto, no caso de que este se chegase a producir.*

Aínda que a actuación obxecto deste informe é unicamente unha valoración previa da área de implantación do Parque Empresarial, sen que implique obra ou remoción de terras algunha, hai que ter en conta que no futuro esta implantación implicaría as típicas obras de acondicionamento e construción dun polígono industrial. O exame dos futuros compoñentes do polígono permitirá determinar o grao de afección que presentan as accións que levan consigo, e isto, á súa vez, permite axustar o posterior proceso de avaliación, entrecruzando os datos que proveñen da análise cos resultados da valoración patrimonial de cada ben.

Parécenos axeitado enunciado as características do rexistro arqueolóxico galego, formulacións previas imprescindibles para a comprensión da metodoloxía de traballo aplicada. Asemade, especificanse as diferentes tarefas executadas, de acordo coa metodoloxía exposta, para a consecución dos obxectivos preestablecidos.

1.1. AS ENTIDADES PATRIMONIAIS: FORMULACIÓNS

Cando se formula un traballo deste estilo, é factible considerar, *a priori*, as diferentes características que presentan os diversos tipos de entidade patrimonial que poden ser documentados.

As especiais características que concorren no rexistro arqueolóxico galego permiten formular unha serie de previsións acerca de posibles entidades arqueolóxicas non visibles en superficie, e só rastrexables a partires da documentación de restos materiais (industrias líticas, conxuntos de material cerámico...). Mesmo no caso de que non se documenten restos materiais que poidan ser interpretados como un indicio fiable, estas valoracións hipotéticas non son subxectivas nin accidentais, senón que se fundan sobre bases ben definidas, tales como:

- Xacementos visibles existentes na zona e as súas implicacións en relación coa presenza potencial doutro tipo de xacementos.
- Características topográficas e xeográficas da zona.
- Modelos predictivos de localización de xacementos arqueolóxicos de natureza non visible.
- Analoxías e extrapolacións baseadas noutros casos e zonas galegas.

Aínda que estas previsións non inflúen sobre o informe, se son consideradas de forma simultánea ou en momentos previos á execución do proxecto, permitirán maximizar o control do Impacto Arqueolóxico e minimizar os custos implicados na resolución de imprevistos de natureza arqueolóxica.

1.2. METODOLOXÍA DE TRABALLO

Para a elaboración do presente informe, leváronse a cabo os seguintes traballos:

- Baleirado bibliográfico e da documentación dispoñible (Cartografía, Inventario Arqueolóxico de Galicia, Catálogo do PXOM de Xunqueira de Ambía). Isto permitiu levar a cabo unha valoración arqueolóxica previa ó traballo de campo. Inclúe un inventario dos elementos arqueolóxicos, histórico-artísticos e etnográficos documentados dentro da área de afección do Parque, así como os correspondentes *contornos de protección* establecidos. Con isto preténdese por en coñecemento do Concello a problemática arqueolóxica máis palpable ante a que se pode atopar, así como a protección legal de que son obxecto as entidades documentadas.
- Traballo de campo, consistente nunha prospección de carácter intensivo da área destinada á construción do Parque Empresarial. Esta estratexia de prospección, se ben permite descubrir un baixo número de entidades, serve para localizar aquelas que, debido ó seu tamaño e características, presentan unha maior problemática para o Proxecto de Obra. Con este labor de análise intensivo da zona, realizouse unha primeira aproximación á paisaxe arqueolóxica, ó tempo que se contextualizaron os sitios xa documentados.

Para alcanzar un grao de documentación satisfactoria, é necesario deseñar unha estratexia de traballo que integre as distintas posibilidades e casuísticas derivadas da variedade e dispersión do rexistro arqueolóxico e patrimonial galego.

O traballo de campo, nunha prospección superficial, soe organizarse en varias fases diferentes, que xeralmente aplicarán metodoloxías distintas de prospección destinadas, cada unha delas, a detectar un tipo de xacementos concretos ou unhas zonas específicas. Os xacementos a documentar pertencen a dúas grandes categorías segundo a súa natureza: xacementos visíbeis e xacementos invisíbeis. O traballo de campo realizouse aplicando tres metodoloxías arqueolóxicas de traballo de campo diferentes e complementarias entre si:

- Nun primeiro momento, foi necesario realizar a valoración dos compoñentes xa coñecidos do inventario arqueolóxico, pois esta valoración inicial era necesaria para realizar unha avaliación e caracterización preliminar dos xacementos existentes na zona, dado que ditos compoñentes estaban, obviamente, en relación co entorno arqueolóxico e paisaxístico. Esta avaliación preliminar realizouse visitando todos os xacementos coñecidos completando ou corrixindo aqueles extremos contidos na información de partida que non cadraban coas observacións realizadas polo equipo de arqueólogos. Esta visita inicial permitiu a composición ou delimitación dos contornos arqueolóxicos que foron obxecto de atención específica nas fases sucesivas do traballo de campo. Un segundo obxectivo desta fase, pero non menos importante, foi a selección de zonas polo seu potencial para albergar xacementos de natureza invisíbel, así como por ofrecer posibilidades de prospección que outras áreas non posuían.
- A segunda fase consistiu nunha prospección intensiva de carácter superficial, que abrangueu a totalidade do terreo afectado polo proxecto. A súa finalidade era a detección de xacementos de natureza visíbel pero de difícil documentación nunha prospección extensiva, especialmente naquelas zonas con vexetación, principalmente arbórea e arbustiva. Nas zonas desprovistas de vexetación realizouse unha inspección superficial detida con obxecto de localizar indicios de xacementos non visíbeis.
- A terceira fase de traballo contemplou a intensificación dos traballos en zonas concretas da área de estudo previamente seleccionadas, realizándose unha prospección de cobertura total, co fin de localizar evidencias de cultura material que permitiran identificar xacementos arqueolóxicos non visíbeis en superficie. Isto foi posíbel nas zonas nas que o terreo presenta remoción de terra.
- Para a aplicación destas estratexias de prospección tívose en conta que a intensidade da mesma debería variar, sobre todo, en función da proximidade ó eixo ou centro do proxecto técnico, é dicir, en función do maior ou menor risco de afección ás entidades patrimoniais.

Non obstante, hai que sinalar o carácter xenérico destas áreas de estudo, tendo en conta que o rexistro da información non se debe reducir a unha mera crónica dos xacementos afectados pola obra ou os que poidan ser destruídos, se non que se deben recoller a maior cantidade de datos posibles sobre o contexto arqueolóxico da área de traballo, así como documentación de aspectos ambientais, de paisaxe rural, etnografía e folclore, etc..

Así, e como dicíamos anteriormente, o traballo de campo orientouse ó descubrimento de xacementos de natureza tanto visible como invisible.

Os xacementos visibles (ou *monumentais*, en definitiva) caracterízanse por destacar sobre o terreo, ser apreciados a simple vista e presentar estruturas ben definidas, sendo numerosos e ben coñecidos no ámbito arqueolóxico galego. Os exemplos máis destacados deste tipo constitúenos os monumentos tumulares, tamén chamados *mámoas*, de finalidade funeraria e que se documentan desde o Neolítico até finais da Idade do Bronce (4300-1000 a.C.), os castros, que constitúen asentamentos fortificados da Idade do Ferro (1000 a.C.-300 d.C.), os gravados rupestres (presentes xa dende a Idade do Bronce) e os asentamentos fortificados da Idade Media.

Os xacementos de natureza invisible, pola súa parte, presentan características ben diferentes, xa que ademais de non seren detectados sen unha remoción do terreo, presentan estruturas complexas e dispersas, resultando, en moitos casos, difícil a definición dos seus límites. Os exemplos máis destacados deste tipo son os asentamentos do Neolítico (5.000-2.300 a.C.) e da Idade do Bronce (2.300-1.000 a.C.), pero tamén os de épocas paleolíticas (sobre todo Paleolítico Superior), normalmente documentándose en abrigos, e incluso os romanos e medievais, que a miúdo non se traducen superficialmente.

Así mesmo, debemos ter en conta, polo tanto, que certos xacementos (coma os túmulos ou os castros) son facilmente perceptibles debido a que presentan estruturas en superficie que xeralmente destacan sobre o terreo; porén, outro tipo de sitios (áreas de actividade paleolíticas ou da Idade do Bronce) non mostran evidencias físicas visibles (normalmente a causa da capa vexetal que os recubre) e precisan dunha remoción de terras para seren identificados. Nestes casos, recórrese ó manexo de patróns de emprazamento e ós achados propiciados por unha prospección de cobertura total para, a partires deses datos, elaborar hipóteses acerca da súa existencia, caracterización e localización.

2. TRABALLO DE GABINETE COA FINALIDADE DE SISTEMATIZAR OS DATOS RECOLLIDOS DURANTE AS FASES DE TRABALLO ANTERIORES.

2.1. INVENTARIO PATRIMONIAL

A información organizouse a partir da distinción de tres tipos de elementos patrimoniais: arqueolóxicos, histórico-artísticos e etnográficos, seguindo a clasificación realizada pola Xunta de Galiza na *Resolución de 14 de maio de 1991 pola que se ordena a publicación das Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento das provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra*, no que respecta á protección do Patrimonio Cultural.

De acordo con estas NCS, segundo o distinto carácter das entidades, estas gozarán, *a priori*, dunha protección diferente:

- Para as entidades arqueolóxicas, un contorno de protección de 200 m de radio medido dende o perímetro exterior do ben.
- Para os elementos arquitectónicos (de carácter civil, relixioso ou militar), o contorno de protección será de 100 m de radio.
- Para os elementos etnográficos, un contorno de protección de 50 m de radio.

Uns contornos que serven de base para o deseño de figuras de protección específicas sobre os bens rexistrados, en función do tipo de proxecto que se informa.

Así, á luz do traballo realizado e da documentación reunida, enumeramos a continuación os elementos identificados na prospección superficial da zona afectada pola execución do Parque Empresarial, así como dos bens inventariados no catálogo de xacementos arqueolóxicos.

2.2. RESULTADOS

Logo de consultar o Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Galicia, constatouse a inexistencia de elementos do patrimonio arqueolóxico nun entorno de 200 m prospectados a cada lado da zona afectada pola implantación do Parque Empresarial, feito que se constatou unha vez realizado o traballo de campo e unha vez foi aplicada a metodoloxía de traballo exposta; sen embargo, queremos facer referencia a dúas entidades documentadas dentro do que podemos chamar un ámbito de afección indirecta, como son:

- Xacemento Arqueolóxico “O Castro”: Trátase dun xacemento catalogado con clave (GA32036003), fixada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia. Posúe unha cautela arqueolóxica de grao II de aplicación a todo solo rústico de protección arqueolóxica. A LAGSA, establece no seu artigo 40 apartado 3 que: *En el suelo no urbanizable, los espacios que por sus características según el plan general o las normas subsidiarias, deben ser objeto de una especial protección, no podrán ser dedicados a usos que implique transformación de su destino o naturaleza o que lesionen el valor específico que se quiera proteger*. Así, este xacemento, tal e como ven reflectido no catálogo, posúe unha zona de protección integral que é a área ocupada polo xacemento e ven definida pola presenza de evidencias arquitectónicas e/ou arqueolóxicas que testemuñan a súa existencia. O seu límite ven definido polos terreos comprendidos dentro do perímetro máis externo do ben e o seu entorno máis inmediato. Os usos autorizados virán dados por aquelas actuacións soamente encamiñadas á súa conservación, protección, consolidación, investigación e posta en valor, previa autorización do órgano competente. Usos restrinxidos que, deste xeito, réxense polo decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, nesta zona, non se poderán realizar tendidos e instalacións aéreas ou soterradas, escavacións, recheos, movementos de terras en xeral, plantacións e arrinque de árbores, apertura de pozos e minas, nin cultivos que requiran labores profundas. Só se permitirán os usos tradicionais agropecuarios, sempre que non alteren o substrato arqueolóxico. Contamos tamén cunha zona de respecto, que é a área definida polo entorno adaptado ó perímetro máis externo da Área de Protección Integral.

Nesta área permítense usos agrícolas, sempre que se realicen de forma tradicional, quedando prohibidas roturacións que poidan deteriorar os estratos arqueolóxicos, as remocións e traslados de terras, os tendidos aéreos ou soterrados de liñas de infraestruturas eléctrica, gas, abastecemento de auga, etc.; as edificacións de nova planta sen o preceptivo informe favorable da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico de Ourense. En todo caso, a tramitación da licenza municipal para a realización de calquera tipo de obra nesta zona deberá ser informada preceptivamente pola Comisión Territorial de Patrimonio de Ourense, sendo o seu informe vinculante.

- Topónimo “O Castrillón”: Trátase dun termo catalogado de maneira provisoria con clave (GA32036---) a espera de que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural lle outorgue unha clave definitiva. As medidas de protección legal veñen determinadas pola Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia.

Parécenos oportuno, tamén, sinalar neste apartado os elementos do patrimonio etnográfico documentados durante os traballos, como son unha serie de canastos documentados dentro do núcleo de poboación de Casnaloba e un cruceiro, aínda que consideramos que non van verse afectados pola construción do Parque Empresarial por encontrarse situados dentro do núcleo de poboación.

Así, e á vista dos resultados obtidos trala prospección realizada, e tendo en conta que non se documentaron ningún tipo de elementos de relevancia dentro do ámbito de afección directa do Parque, non será preciso establecer ningunha valoración de impacto xerado sobre ningunha entidade, así como, do mesmo xeito, non se proporán medidas correctoras como estratexia para corrixir ou mitigar dito impacto.

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS PROXIMOS A ZONA DE IMPLANTACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL

| Nº ficha | Nivel protección | Tipo | Adscrición cultural | Denominación | Parroquia | Lugar | Termo Municipal |
|----------|------------------|--------------------------------|-----------------------|--------------|---------------------|----------|--------------------|
| X001 | II | Castro/asentamento fortificado | Idade de ferro/romano | O Castro | Santiago de A Graña | Cerdeira | Xunqueira de Ambía |
| T001 | Integral | Topónimo | Indeterminado | O Castrillón | Santiago de A Graña | Cerdeira | Xunqueira de Ambía |

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS PRÓXIMOS A ZONA DE IMPLANTACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL

| Tipo de elemento | Código de xacemento | Nome | Grao de Protección |
|------------------------|---------------------|----------|--------------------|
| Xacemento Arqueolóxico | GA32036003 | O Castro | II |

| Lugar | Parroquia | Termo Municipal | Provincia | Planimetría |
|----------|-------------------|--------------------|-----------|------------------|
| Cerdeira | Santiago, A Graña | Xunqueira de Ambía | Ourense | 1:25000: 226-III |

| Adscrición Tipolóxica | Adscrición Cultural | Coordenadas UTM | Altura | Tipo de solo |
|--------------------------------|-----------------------|--------------------------------|----------|--------------|
| Castro/Asentamento Fortificado | Idade de Ferro/Romano | X 603.068,27 Y 4.670.712,58 | 754,46 m | SREP/PPA |

| Estado actual | Tipo de propiedade | Utilización do entorno | Emprazamento topográfico |
|---|--------------------|------------------------|--------------------------|
| Vexetación: xesta, carqueixa, toxo e carballo | Particular | Monte | Cima de monte |

Accesos

Situado aproximadamente a 1 km ó Oeste de Cerdeira. Para acceder a el, tómase unha pista de terra en dirección Oeste que conduce á base do castro

Descrición

O xacemento de O Castro, atópase emprazado no cumio dun outeiro culminado por unha cima rochosa e punzante que serve de divisoria entre os concellos de Xunqueira de Ambía e Allariz. O xacemento presenta unha croa de planta circular á que se lle encaixan dúas plataformas ou terrazas, unha de pequenas dimensión (uns 5 m de ancho medio) pola banda Sur, e outra máis grande (60 m de ancho por 80 m de longo aproximadamente) cara ó Oeste, en terreos pertencentes ó concello de Allariz. O castro mostra boas defensas naturais con ladeiras de fortes pendentes reforzadas con murallas pétreas configurando as diferentes plataformas.

En superficie localízanse restos de cerámica e tellas, e na ladeira Oeste existen varios petróglifos.

O castro atópase nun bo estado de conservación

Area de Protección

Area de protección integral. Superficie marcada con cor vermella

Area de respecto

Superficie delimitada con cor verde

Obras Prohibidas/ Obras permitidas

As que determine o nivel e protección





Foto de emprazamento



Ubicación de "O Castro"

CATÁLOGO DE BENS CULTURAIS PROXIMOS A ZONA DE IMPLANTACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL

| Tipo de elemento | Código de xacemento | Nome | Grao de Protección |
|------------------|---------------------|--------------|--|
| Topónimo | GA32036--- | O Castrillón | Solo rústico, protección do patrimonio |

| Lugar | Parroquia | Termo Municipal | Provincia | Planimetría |
|----------|-------------------|--------------------|-----------|------------------|
| Cerdeira | Santiago, A Graña | Xunqueira de Ambía | Ourense | 1:25000: 226-III |

| Adscrición Tipolóxica | Adscrición Cultural | Coordenadas UTM | Altura | Tipo de solo |
|-----------------------|---------------------|------------------|--------|--------------|
| Indeterminado | Indeterminado | X 603 Y 4.670 | 732 m | SREP/PPA |


| Estado actual | Tipo de propiedade | Utilización do entorno | Emprazamento topográfico |
|---------------------------------|--------------------|------------------------|--------------------------|
| Vexetación: carqueixa e piñeiro | Particular | Monte | Outeiro |

Accesos


Situado aproximadamente a 500m ó suroeste de Cerdeira. Para acceder a el, tómase unha pista de terra en dirección suroeste que, partindo de Cerdeira, diríxese cara a Brandela. O Castrillón localízase facilmente sobre un pequeno outeiro, a uns 50 m a esquerda da pista, distando uns 800 m do castro de Cerdeira.

Descrición

Neste pequeno outeiro, ó que lle dan o nome de “O Castrillón”, existe a posibilidade de que se situase un asentamento castrexo, aínda que dado que se trata dun outeiro duns 30 m de diámetro como máximo, o castro sería de reducidas dimensións. Non se observan sinais de construcións defensivas.



Posición do topónimo de “O Castrillón”

Ourense, Maio de 2015

ARQUEÓLOGA
Marta Tabarés Domínguez